



# UNIVERSIDADE DA CORUÑA

OFICINA DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS

## RESOLUCION DEFINITIVA DA 1º CONVOCATORIA DE BOLSAS DE MOBILIDAD INTERNACIONAL BILATERAIS PARA O CURSO 2010/11.

Rematados os prazos de reclamacións establecidos, e recibidos dos Centros os listados provisionais de estudantes de intercambio bilateral seleccionados, a comisión de Relacións Internacionais procedeu ao reparto final das bolsas de acordo coa dispoñibilidade orzamentaria e tendo en conta os seguintes criterios:

- Expediente académico: 70% (aos expedientes das titulacións técnicas aplícase unha ponderación de 1,17)
- Idioma: 20%
- Adecuación do compromiso de estudo: 5%
- Motivación, madurez, autonomía persoal e adaptabilidade: 5%

Desde a Oficina de Relacións Internacionais (ORI) procédese á **publicación da listaxe** dos adxudicatarios das bolsas e da listaxe da agarda, así como a listaxe das solicitudes excluídas.

Contra esta resolución, o interesado poderá interpoñer unha reclamación ante a presidenta da Comisión de Relacións Internacionais, M<sup>a</sup> José Martínez, Vicerreitora de estudantes e relacións internacionais, nun prazo máximo de 10 días, no rexistro xeral da universidade.

Os estudantes deberán **ACEPTAR OU RENUNCIAR POR ESCRITO** as prazas adxudicadas. Para iso, deberán presentar na ORI, o seguinte documento:

- Impreso de aceptación ou renuncia á praza (dispoñible na páxina Web):

[http://www.udc.es/ori/cas/modeloaccept\\_renunciaPROGINTERN.DOC](http://www.udc.es/ori/cas/modeloaccept_renunciaPROGINTERN.DOC)

O documento anterior deberá ser entregado na ORI debidamente cuberto en horario de 9:00 a 14:00 horas. O prazo comenará o **día da publicación desta resolución ata o máis tarde o 31 de marzo de 2010** (e sempre antes dos prazos límites das Universidades de destino dispoñibles en

<http://www.udc.es/ori/cas/intercambio/ProgramasMovilidadInternacional.htm>)

Rematado o período de aceptación e xestionada a listaxe de agarda, publicarase unha nova convocatoria aberta durante todo o curso 2010/11.

A Coruña, 15 de marzo de 2010.

A Directora da Oficina de Relacións Internacionais.

Asdo.: Bertha Guijarro.